


Objetivos do EUfolio

- Disseminar unha análise sistémica dos enfoques políticos actuais e a evolución no uso dos ePortfolios na educación, incluíndo a avaliación dos estudantes, a planificación da aprendizaxe, e o desenvolvemento profesional dos docentes.
- Diseñar modelos ePortfolio potencialmente escalables para empregar na ensinanza, a aprendizaxe e a avaliación.
- Levar a cabo a implementación de proxectos piloto transnacionais en diferentes contextos e enfoques.
- Extraer valiosas leccións do mundo real para afondar no uso das TIC (concretamente no enfoque do e-Portfolio) na ensinanza, na aprendizaxe e na avaliación.
- Destacar as evidencias da eficacia do uso do ePortfolio nas propostas didácticas de ensinanza e aprendizaxe, que promovan as estratexias efectivas na práctica, implementación sostible e administración consistente.



A proposta do ePortfolio ten o potencial de actuar como un catalizador estratéxico para promover a integración das TIC na ensinanza e a aprendizaxe nos sistemas educativos nacionais.



EU ePortfolios na Aula

¿Interesado?

Para saber máis sobre o proxecto
Visita www.eufolio.eu ou contacta con:

Consellería de Cultura
Educación e Ordenación
Universitaria, Xunta de Galicia;
España
Correo electrónico:
programas.europeos@edu.xunta.es

EUfolio Project Office
H2, The Digital Exchange,
Crane Street, Dublin 8, Irlanda.
+353-1-4806208
Correo electrónico: info@h2.ie



Este proxecto foi financiado co apoio da Comisión Europea. Esta publicación é responsabilidade exclusiva do seu autor, e a Comisión non se fai responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida.



¿Que é o EUfolio?

EUfolio “EU ePortfolios na Aula” é un proxecto financiado pola Comisión Europea dentro do marco do Programa de Aprendizaxe Permanente (KA1 – Consecución dos obxectivos estratéxicos europeos en educación e formación).

A idea do proxecto EUfolio xorde do Grupo de Traballo “TIC e Educación” creado en virtude do programa “Educación e Formación 2020”, unha rede que inclúe 24 representantes de Ministerio de Educación. Varios representantes, entre eles Irlanda, Lituania, Eslovenia, Chipre e Bulgaria reuníronse cun interese común: a aplicación de portfolios electrónicos como parte da utilización das TIC na axenda política da educación a nivel nacional.

O obxectivo do proxecto é deseñar e poñer a proba os modelos de ePortfolio innovadores que servirán de base e apoio á implementación de escenarios de aprendizaxe innovadores, que empregan as TIC en Europa.

A proposta do ePortfolio ten o potencial de actuar como un catalizador estratéxico para promover a integración das TIC na ensinanza e a aprendizaxe nos sistemas educativos nacionais.



Resultados do proxecto

Para lograr estes obxectivos, o proxecto EUfolio está desenvolvendo as seguintes actividades:

1. Análise das políticas e prácticas existentes sobre o uso do ePortfolio (Informe).
2. Especificación do proceso EUfolio.
3. Unha Plataforma aberta do ePortfolio.
4. Unha Plataforma Microsoft para desenvolver o ePortfolio.
5. Recursos para o profesorado.
6. Estudo de casos nos centros.
7. Exemplos de ePortfolios.
8. Unha rede de intercambios transnacionais entre escolas piloto e profesores.
9. Un manual do EUfolio para responsables de políticas educativas.

Socios do Proxecto

O consorcio EUfolio reúne ós seguintes 14 equipos de 7 países europeos (Irlanda, Austria, Chipre, Eslovenia, Lituania, Bulgaria e España) nun proceso conxunto de investigación e de aplicación educativa e, no que participa unha rede de investigadores, expertos en políticas educativas e en educación así coma o profesorado:

- Department of Education and Skills, Irlanda
- H2 Learning, Irlanda
- Danube University Krems, Austria
- The Center for Control and Assessment of the Quality in School Education, Bulgaria
- The Cyprus Pedagogical Institute, Chipre
- Microsoft Ireland Operations Ltd., Irlanda
- National Council for Curriculum and Assessment, Irlanda
- The State Examinations Commission, Irlanda
- Dublin West Education Centre (DWEC), Irlanda
- The Centre of Information Technologies in Education (CITE), Lituania
- Ministry of Education, Science, Culture and Sport, Eslovenia
- The National Education Institute, Eslovenia
- The Educational Research Institute, Eslovenia
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia; España.

